



Rosa Alice Branco naceu en Aveiro e doutorouse en Filosofía Contemporánea -nas áreas de Filosofía e Psicoloxía da Percepción- pola Universidade Nova de Lisboa. Actualmente ensina Teoría da Percepción na *Escola Superior de Artes e Design* do Porto (en Matosinhos), mentras dirixe a revista *logovemos* (on line) e fai parte da Unidade de investigación en *Design, Media e Cultura* (ID+). Ademais diso, ten xestionado publicacións, coloquios e Encontros Internacionais de Poesía.

Como poeta debutou en 1988 con *Animais da terra*, ao que seguiron *Monadologia breve* (1991), *A Mão feliz* (1994), *O Último traço do pincel* (1997), *Da alma e dos espíritos animais* (2001) e *Animal volátil* (con Casimiro de Brito, 2002). Todos eles, e un inédito máis, integran

Soletrar o Dia – Obra Poética (1988-2002), publicado en 2002 polas Quasi edicións. Seguidamente ven a luz *A palmeira de Kairouan* (xunta fotografías de Rui Mendonça, 2003), *Amor quanto baste* (con deseños de Paulo Neves, 2005) e *O Mundo não acaba no frio dos teus ossos* (2009). Por último, faise co XVII Premio de Poesía Espiral Maior pola obra *Gado do Senhor*, que é editado en Galicia e pola editorial homónima en 2009.

Autora tamén de libros de ensaio, artigos en revistas especializadas e textos traducidos a outras linguas, Rosa Alice Branco participou en encontros e festivais de poesía de todo o mundo e ten libros de poemas publicados no Brasil, Suíza, Luxemburgo, Canadá, Tunicia, Venezuela ou Córcega.

RISO SOBRE A ERVA


*Inspiramos lentamente,
e o ar brinca-nos no corpo
sem pressa de vir juntar-se ao ar
cá fora. Ensinaram-nos
a ruminar o vazio e por isso entramos
um no outro, nós que nunca fomos matéria
e a esta escala a velocidade da luz
é irrelevante para o infinito.
Temos os ouvidos cheios dos gritos
dos pregos a perfurarem o silêncio
das tuas mãos. Se não te salvas
da tua própria morte, ainda que sejas
também deus, se morres em nosso nome
e continuas a morrer de nós, só nos resta
celebrar a vida. Vem amor, tens um riso
calcado sobre a erva e o teu peso
atravessa-me o corpo: eterno sofredor
no chão de tamanha alegria.*

17 de xaneiro de 2011
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Xavier Seoane Poetas di(n)versos



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



Xavier Seoane (A Coruña, 1954) estudou Filoloxía Románica e é hoxe profesor de Lingua e Literatura na súa cidade natal. Dende 1975 ven desenvolvendo a súa actividade nos terreos da creación literaria, da arte e na animación cultural. Así, organiza na nosa cidade conferencias e debates, coordina premios ou participa en cursos literarios. Impulsor de innúmeros proxectos de dinamización cultural no noso país, ten comisariado dende exposicións ata libros colectivos, e desenvolveu tanto proxectos videográficos ou mostras de poesía visual como colaboracións escritas en multitude de publicacións periódicas, catálogos de arte, obras colectivas e antoloxías dentro e fóra de Galicia.

Deuse a coñecer como poeta no seo do grupo “De amor e desamor” e, ademais doutros traballos editados en colaboración con diversos creadores, o seu primeiro poemario individual foi *Os bosques encendidos* (1981). Xa antes editara *A caluga*

do paxaro (1979) e, despois, *Presencias* (1985), *Iniciación e regreso* (1985) co que recibira o premio Cidade da Coruña en 1982, *O Canto da Terra* (1987), *Regreso e Advenimento* (1990), *Eu tamén oín as voces do orvallo* (1994), *Umbral de Vida* (1996), Premio Esquío de poesía, *Don do horizonte* (Obra Reunida, 1999), *Dársenas do ocaso* (2002) que foi 1º premio Caixanova de poesía e Premio da Crítica Española, a plaquette *Longas augas* (2003), *Vagar de amor e sombra* (2004), *Para unha luz ausente*, premio Espiral Maior de poesía (2006) e *Do ventre da lóbrega* (2008).

Poeta con obra traducida a varios idiomas e tamén conferenciante, ten publicado igualmente libros de aforismos, de ensaio, compilacións de textos, novelas, estudos sobre multitude de artistas galegos, reflexións teórico-críticas sobre arte ou escrita, ou obras dirixidas a público infanto-xuvenil.

HIC ET NUNC

*A beleza e a verdade
moitas veces van xuntas.*

*Déixame espir a vida
até a palabra nunca.*

*Cando os soños se arrastran,
as estrelas se perden nun baleiro futuro.*

*Nin toda a auga das fontes
saciará a sede morta do silencio da luz.*

*Morreron os arados,
pero quedan os sucos.*

17 de xaneiro de 2011
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Rosa Alice Branco Poetas di(n)versos

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)

Gráficas Mera C 51-2011



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura